

Tarefas de Historia 2º da ESO para facer na semana do 18 ao 22 de maio.

Ola estimados alumnoas:

Vexo que algúns/as de vós non me enviáchedes nada de actividades. Pero que pasa? Non queredes subir as vosas notas? Veña, oh, que tampouco é para tanto o que mando. Creo. Quero que vos poñades un pouco serios, que xa non queda nada, dacordo? Pois iso: **steinbeck72@gmail.com**

E agora imos coas activiades desta semana.

Imos a estudar a Idade Media na Península Ibérica: temas 2, 4 e 7. Cuestións como Al Andalus, a Reconquista, as repoboacións, o Camiño de Santiago, a Coroa de Castela e a Coroa de Aragón, a transhumancia (beeeeee!), as guerras civís (isto de enfrentarnos entre españois xa ven de lonxe), as revoltas irmandiñas, e, finalmente, a convivencia de tres culturas na Península: musulmá, xudea e cristiá. Actuaremos do seguinte xeito:

- Copiaremos na nosa libreta o título dos temas 2, 4 e 7. O texto introductorio do tema e , finalmente, o mapa que acompaña a cada un deses textos.
- A Península Ibérica foi na Idade Media un “crisol” de culturas. Por iso, copiaremos o texto en violeta que aparece na parte de arriba da páxina 146 que fala sobre esta cuestión. Tamén faremos as actividades 1,2 e 3 da páxina 147.
- Finalmente, en cada un deses temas, tamén aparece a sección “Viaxar ao pasado”. Hai que ler esas páxinas e, logo, escoller un dos tres personaxes (o labrego musulmán, o colono cristiá ou o pastor de ovellas), explicándome nun texto de entre tres e cinco liñas por que vós decidíchedes por él.

E xa está por esta semana, amigoas. Espero que sigades todoas ben e que vós animedes a mandarme as tarefas, insisto novamente. Unha forte aperta, saude e moito ánimo, campeóns!!!